ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

Concello de Vigo
Expte. 4156/1101

# ACTA

## PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 20/2023

## SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 23 DE NOVEMBRO DE 2023

## ORDE DO DÍA

1. Desestimación de suxestión en período de exposición pública e aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, alcantarillado, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais Expte. 3052/500 ( Expte 4044/1101). Aprobada.

2. Resolución de emendas e aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2024. Expte 80/142 (Expte 4127-1101). Aprobado.

3. Aprobación inicial da modificación orzamentaria núm. 103-2023. Expte 85/142 (Expte 4133-1101). Aprobada.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde

Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suarez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gomez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Lago Barreiro, M.ª del Carmen
López Font, Carlos
Losada Alvarez, Abel Fermín
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Garrido Valenzuela, Irene
Gonzalez Abeijon, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, Mª Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martinez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

Rodíguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodíguez, Nuria
Silva Rego, Mª Carmen

NON ASISTEN:

Fernández Tapias, Marta, voceira do grupo municipal do Partido Popular.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e tres de novembro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abalde Comesaña, Aguiar Castro, Alonso Súarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Garrido Valenzuela, Gómez Díaz, González Abeijón, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Martín Peña, Martínez Piñeiro, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Iglesias, Rivas González, Rodriguez Calviño, Rodriguez Rodriguez, Sánchez Méndez, e Silva Rego, actuando como Secretaria Xeral Acctal. do Pleno que asina Dona Elena Ares Salgado, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

**1.(202) DESESTIMACIÓN DE SUXESTIÓN EN PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, ALCANTARILLADO, REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS EXPTE. 3052/500 (EXPTE 4044/1101). APROBADA.**

ANTECEDENTES.- Con data 17 de novembro de 2023, o técnico de Admón. Especial, a xefa da Inspección de Tributos e a xefa da Dirección de Ingresos, co conforme do Interventor Xeral e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

"1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
  - a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
  - b Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Leireguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
  - c Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
  - d Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
  - e Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).
  - f Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25
Documento asinado

g Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.
h Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello.(Directiva Marco da Auga)
i Lei 9/2010 de 4 de novembro de Augas de Galicia e Decreto 1/2015, de 15 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei.
j Lei 9/2019 de 11 de decembro de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas solucións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia.
k Decreto 136/2012 de 31 de maio polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de verquido a sistemas públicos depuración de augas residuais.
l Lei 1/2022, de 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga

2. ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- En data 28 de agosto de 2023, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación da Ordenanza reguladora de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, alcantarillado, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais (60).

Segundo.- Por acordo plenario do 25 de setembro de 2023, aprobouse inicialmente o proxecto de modificación da citada ordenanza.

Terceiro.- Dentro do prazo de exposición pública, o 14 de novembro de 2023, a Federación de Asociacións Veciñais de Vigo Eduardo Chao (FAVEC) presentou escrito (código da solicitude W996269-9132) solicitando que se manteñan conxeladas as tarifas vixentes no 2023 e:

“- Bonificación por consumo responsable para uso doméstico de un 30% de todas as tarifas da presente ordenanza para aqueles consumos que en media mensual se sitúan por debaixo dos 3 metros cúbicos por persoa e mes, computando todas as persoas que vivan no domicilio.

- Exención para todas as persoas titulares que sexan perceptores dunha pensión non contributiva, RISGA, IMV, que o consumo por persoa e mes sexa inferior aos 3 metros cúbicos”.

3. ANÁLISE DA SUXESTIÓN PRESENTADA

En relación coa primeira solicitude de conxelación das tarifas, cómpre informar que as tarifas polas servizos de abastecemento de auga potable, alcantarillado e depuración compóñense de cotas fixas e cotas variables, que permanecen inalteradas para o exercicio 2024. As tarifas permanecen conxeladas.

Respecto do contido da suxestión de aplicación de beneficios no pagamento que solicitan nos seguintes termos “- Bonificación por consumo responsable para uso doméstico de un 30% de todas as tarifas da presente ordenanza para aqueles consumos que en media mensual se sitúan por debaixo dos 3 metros cúbicos por persoa e mes, computando todas as persoas que vivan no domicilio e Exención para todas as persoas titulares que sexan perceptores dunha pensión non contributiva, RISGA, IMV, que o consumo por persoa e mes sexa inferior aos 3 metros cúbicos”

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

cómpre informar o seguinte: que as tarifas establecidas na ordenanza vixente así como na ordenanza aprobada inicialmente por acordo do 25 de setembro de 2023, xa conteñen medidas dirixidas a un gravame mínimo para usos domésticos con consumos medios inferiores a 3 $m^3$ por persoa e mes.

O recibo que pagan bimestralmente as persoas usuarias compónse de cotas fixas e variables para os servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración.

No caso das cotas variables, a estrutura da tarifa é tan progresiva que a súa aplicación acada os mesmos efectos que unha bonificación. En efecto, para consumos responsables de ata 3 $m^3$ por persoa e mes, as cotas variables son extremadamente reducidas: O primeiro tramo de consumo definido na tarifa, que se aplica a consumos de de ata 3 $m^3$ por persoa e mes, ten un custo de só 0,1724 €/$m^3$ (0,07€ abastecemento, 0,05€ alcantarillado e 0,0524€ depuración) É dicir, as cotas variables totais por bimestre para consumos responsables estarán entre 1,03€ e 4,14€, en función do número de habitantes da vivenda. Polo tanto, a aplicación da bonificación proposta sobre as cotas variables non tería un impacto significativo, xa que o beneficio aos consumos responsables está xa previsto na ordenanza e derívase da progresividade das cotas variables. No caso da exención proposta, ademais do importe limitado da súa contía, sería contraria ao artigo 12 da Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia, que, en aplicación do principio de recuperación de custos, prohibe o establecemento de mínimos exentos.

Por outra banda, os servizos do ciclo integral da auga teñen unha estrutura de custos cun elevado peso da parte fixa, estrutura que se reflexa nas cotas fixas dos servizos (abastecemento, alcantarillado e depuración). Deste modo, a cota fixa de abastecemento correspóndese aos “custes fixos de operación, mantemento e reposición das captacións -Presa de Eiras e embalse de Zamáns-, adución – Canais de Eiras O Casal, Zamáns-Valadares e cinturón perimetral O Casal-Valadares-, mantemento e reposición das ETAPS do Casal e Valadares, sistemas de bombeo, depósitos de almacenamento, redes de transporte, redes de distribución e acometidas ata a chave de rexistro da acometida situada obrigatoriamente en vía pública diante da propiedade do abonado”.

A cota fixa de alcantarillado correspóndese “aos custes fixos derivados de operacións, mantemento e reposición de redes de alcantarillado, colectores -Lagares, de marxe de Ría , de Oia e Saiáns e de Teis-Chapela-, interceptores, instalacións de bombeo de augas residuais, tanques de tormenta e emisario submarino-”.

A cota fixa de depuración correspóndese “aos custes fixos derivados da operación, mantemento e reposición das EDARS do Lagares e Teis”.

A operación, mantemento e renovación de todas estas infraestruturas e instalacións son imprescindibles para a prestación dun servizo de calidade. En particular, resulta imprescindible un mantemento óptimo dos 1.024 km de rede de abastecemento, que permita evitar perdas e protexer o recurso. Ademais, cómpre sinalar custes elevados de mantemento dos 1.162 km de redes de alcantarillado e evacuación de augas residuais. Son elevados os custos fixos de operación da EDAR do Lagares, pero imprescindible afrontalos para acadar os obxectivos medioambientais descritos na Directiva da Auga. Para ilustrar este esforzo continuo de investimentos, cómpre citar a modo de exemplo que a Xunta de Goberno Local vén de aprobar o pasado día 3 de

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25
Documento asinado

novembro a redacción do “Proxecto de implantación do plan de actuacións para minimizar as perdas na rede de abastecemento” (expte. 1793/441).

Polo anteriormente exposto, a bonificación proposta do 30% non pode aplicarse de modo xeneralizado ás cotas fixas dos servizos sen lesionar o cumprimento dos obxectivos medioambientais e os demais principios formulados na Directiva da Auga.

En relación coa exención proposta para “todas as persoas titulares que sexan perceptores dunha pensión non contributiva, RISGA, IMV, que o consumo por persoa e mes sexa inferior aos 3 metros cúbicos”, cómpre realizar unha comparación coas cotas fixas de servizo reducidas previstas no artigo 10 da Ordenanza, que teñen unha finalidade similar ao beneficio proposto. En primeiro lugar, a redución vixente e prevista no texto da ordenanza aprobado inicialmente alcanza o 50% das cotas fixas, e non a totalidade, precisamente en atención aos obxectivos descritos nos parágrafos anteriores.

En segundo lugar, a técnica xurídica adoptada na ordenanza resulta máis precisa para identificar vivendas con persoas vulnerables, xa que ten en conta a renda per cápita considerando os ingresos de todas as persoas residentes, e mediante a aplicación dunha serie de coeficientes que amplían os límites de renda en función de determinadas circunstancias (situacións de dependencia, familias monoparentais, maiores de 65 anos, persoas que viven soas, vítimas de violencia de xénero...). Deste modo, a redución prevista na ordenanza vixente resulta de aplicación non só a persoas beneficiarias de pensións non contributivas, da RISGA e do IMV, senón tamén a outros supostos de necesidade que quedarían excluídos do beneficio proposto na suxestión.

Reprodúcese a continuación a literalidade do referido artigo 10:

“ARTIGO 10. COTAS FIXAS DE SERVIZO REDUCIDAS.
Aplicarase unha redución do 50% das cotas de aboamento/servizo de subministración /abastecemento, alcantarillado e depuración establecidas nos apartados I.1, I.2 e I.3 do Artigo 5 desta Ordenanza aos usuarios domésticos que resulten exentos da taxa de lixo vivendas conforme ao disposto no artigo 4 da ordenanza fiscal reguladora que reproducimos a continuación:

“1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo da vivenda que constitúa a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos brutos anuais, per cápita, inferiores a 4.500€ e 6.780 € para familias numerosas. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para desfrutar desta exención haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 52.054 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.

“ No caso dunha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade fose igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% computarase como1,5”.

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25
Documento asinado

1.1 No caso das familias numerosas deberán acompañar á solicitude o título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producir efectos a exención.

1.2 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.3 No caso de que nunha vivenda resida unha soa persoa aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.4 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.5 No caso de que nunha vivenda resida unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza, aplicarase ao seu ingreso bruto o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentencia.

1.6 No caso do que nunha vivenda resida unha familia monoparental, na que só percibe ingresos o/a proxenitor/a, custodio/a e os fillos foran menores de 18 anos, aplicarase ao ingreso bruto o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos perciban prestacións de carácter publico por motivo de discapacidade, invalidez, orfandade e similares. Considerase familia monoparental aos efectos desta ordenanza, a definida no artigo 13 da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia”.

1.7 No caso de persoas que tendo cargas familiares, levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.
O cómputo dos 22 meses para a aplicación deste coeficiente iniciarase o 1 de xaneiro do ano anterior ao da solicitude”.

1.8 No caso de persoas en situación de "dependencia en calquera dos seus tres grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

1.9 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

1.10 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

1.11 Presentaran solicitude de bonificación ou exención unha única vez os maiores de 65 anos que vivan sós. Nestes casos a Administración Tributaria do Concello actuará de oficio para aplicar a bonificación ou exención, se procede, nos sucesivos exercicios”.

A cota de aboamento reducida aplicarase de oficio aos usuarios domésticos aos que lles fora recoñecido o beneficio fiscal na taxa de lixo vivendas. A relación de usuarios aos que deberá aplicarse as cotas fixas reducidas de subministración, alcantarillado e depuración será remitida á sociedade concesionaria do servizo con anterioridade ao 20 de maio de cada ano. Surtirá efectos no bimestre maio- xuño e continuará ata o bimestre marzo- abril incluído do ano seguinte.”

Á vista do anterior, proponse á Xunta de Goberno Local:

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25
Documento asinado

Non atender á suxestión presentada pola Federación de Asociacións Veciñais de Vigo Eduardo Chao (FAVEC) polos motivos expostos no informe-proposta que antecede, mantendo o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 28 de agosto do 2023 e inicialmente por acordo plenario do 25 de setembro do 2023.

En consecuencia, propoñer ao Excmo Concello-Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda o seguinte...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do 20.11.23, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodíguez Calviño, Rodríguez Rodíguez, Silva Rego, e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, mais dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Non atender á suxestión presentada pola Federación de Asociacións Veciñais de Vigo Eduardo Chao (FAVEC) polos motivos expostos no informe-proposta que antecede e aprobar definitivamente o texto aprobado en sesión plenaria do 25 de setembro de 2023.”

**2.(203) RESOLUCIÓN DE EMENDAS E APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2024. EXPTE 80/142 (EXPTE 4127-1101). APROBADO.**

ANTECEDENTES.- Con data 16 de novembro de 2023, a Dirección Superior Contable e Orzamentación, co conforme do concelleiro de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

“Asunto: Proposta de resolución de EMENDAS ao Proxecto de Orzamento Municipal do ano 2024.

Órgano que formula a proposta: Concellería Delegada da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

Órgano ao que se fórmula: Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do día 7 de novembro de 2023, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e os Plans de Actuación e Financiamento das Fundacións que forman parte do Grupo Concello de Vigo: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2024.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 07/11/2023 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 7 de novembro de 2023. O prazo fixado comezou o día 07/11/2023 co acceso ao expediente 80/142, e rematou as 13,00 horas do día 16/11/2023.

De acordo ao previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), o expediente electrónico foi enviado á Secretaría do Pleno, con data 07/11/2023, pola Secretaría do Pleno, autorízase a todos os Concelleiros que conforman o Pleno o acceso ao expediente (liña 130) coa finalidade de que poidan consultar todos os documentos que consideren necesario para o estudo, emenda e formación da vontade sobre o pronunciamento que adopten no expediente, quedando así garantida a posta a disposición dos Grupos Políticos Municipais da documentación que conforma o expediente.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data 16/11/2023 e rexistradas polo rexistro do Pleno na data que figura nos documentos que se incorporan ao expediente electrónico.

As emendas presentadas, ao marxe da súa tipificación de parciais ou a totalidade do Proxecto, sen prexuízo do informe que poida emitir a Intervención Xeral se das mesmas se alterase o informado sobre o cumprimento dos equilibrios orzamentarios, informáronse legal e tecnicamente sobre o contido das mesmas, e formulouse proposta de aceptación ou rexeitamento.

No informe do Sr. Tesoureiro, Director Superior Contable e Orzamentario, enuméranse as principais limitacións a ter en conta na avaliación das emendas aos efectos de respectar o contido do artigo 83.5 do Regulamento Orgánico do Pleno e de non por en risco os equilibrios orzamentarios.

No prazo fixado pola Comisión informativa de Orzamentos e Facenda, presentáronse as seguintes emendas:

EMENDA PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR
No prazo fixado pola Comisión informativa de Orzamentos e Facenda, con data 16/11/2023, rexistrada na mesma data, a Sra. Concelleira, Dª Marta Fernández-Tapias Núñez , Portavoz do Grupo Municipal Populares de Vigo, presentou emenda a totalidade.

EMENDA PRESENTADA POLO CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

En data 16/11/2023, o Sr. Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, D. Xabier Pérez Iglesias, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo, presenta emenda (parcial) rexistrada na mesma data.

Sobre a tipificación das emendas

O Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOPPO nº 114 do día 15/06/2016 (ROP), modificado polo Pleno en sesión do 24/02/2021, publicado no BOPPO nº 87 de 10/05/2021, no seu artigo 83.1, regulamenta as emendas a totalidade, nas que previo debate e neste caso fundadamente, suporía se fose aceptada, a devolución do expediente 80/142, Proxecto de Orzamento do ano 2024 á Xunta de Goberno Local.

Sobre as emendas presentadas

Primeiro. A emenda presentada á totalidade ten como obxectivo, o rexeitamento da proposta do Goberno aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 7 de novembro, a emenda parcial supón un posicionamento alternativo sobre o uso dos recursos. Debe recordarse, porén, aos cargos electos emendantes, que a competencia para a formación do Orzamento Municipal está residenciada no Alcalde-Presidente da Corporación, que actúa de acordo coas fundamentacións legais, políticas, técnicas e de oportunidade que considere máis axeitadas aos intereses públicos en xeral e de xeito concreto, aos da cidade e cidadás.

Segundo. O informe técnico ás emendas, pon de manifesto que non se pode formar unha posición técnica sobre a emenda a totalidade por representar unha opción política de aplicación alternativa dos recursos públicos a outros empregos distintos dos propostos polo Goberno e aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria do 7 de novembro de 2023, facendo constar que o contido inequivocamente político, non pode quedar suxeito a un estudo-avaliación e consideración dun informe técnico. As emendas non poñen en cuestión o incumprimento do bloque normativo que lle é de aplicación a este tipo de expedientes, senón unha aplicación dos recursos a empregos distintos, é polo tanto, unha emenda fundamentada en razóns de oportunidade política, non coincidente coa proposta do Goberno e aprobada pola Xunta de Goberno Local.

A emenda presentada pola Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, é a totalidade, polo que, hai que votar a aceptación ou rexeitamento.

A emenda presentada polo Sr. Voceiro do BNG, parcial, supón a minoración de recursos sobre aplicacións orzamentarias non susceptibles de reducir, agás se tramitase unha modificación contractual ou se resolvesen os contratos con carácter previo, polo que, segundo o informe técnico, debe ser rexeitada.

Terceiro. Os Srs. Voceiros dos Grupos Políticos Municipais do Partido Popular e do Grupo Municipal do BNG, fundamentan as emendas nunha aplicación ou emprego dos recursos a outras finalidades que consideran máis axeitados segundo o seu punto de vista e opción política, distinto á vontade do Goberno que xa someteu a súa proposta á Xunta de Goberno Local e formulou proposta ao Pleno. Como se sinalou, a competencia para a decisión das distintas alternativas de gasto reside no Alcalde-Presidente.

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

Como se fai constar no informe, a emenda á totalidade presentada pola Voceira do Partido Popular, non cuantifica os 23 proxectos que presenta nin tampouco, cales habería que rexeitar dos que forman parte do Proxecto do Orzamento en trámite, polo que, non pode nin ser avaliable.

En canto a emnda parcial presentada polo Voceiro do BNG, non pode ser tida en consideración por non estar equilibrada, ao propor baixas en aplicacións que segundo se fai constar no   informe técnico, están asociadas a contratos ou trátase de un financiamento afectado a unha finalidade, polo tanto, non alterable.

A proposta de empregos que contén o proxecto de orzamentos e que  aprobou a Xunta de Goberno e se somete ao Pleno,  ten como obxectivo, dentro das competencias propias, xerar emprego a través de distintas obras de relevancia para a cidade e con elo actuar de incentivo e fomento da economía posto que o emprego, ademais de xerar dignidade para as persoas, xeran recursos para o consumo e a inversión privada,  de xeito que as externalidades positivas da inversión pública non só melloran a cidade, e as condicións de vida dos seus habitantes, senón tamén a economía privada e a dinamización da economía en xeral.

En todo caso, tal e como queda acreditado, o Concello de Vigo, minorou a súa presión fiscal, xa que nos tres últimos anos, a variación do IPC entre abril 2020 e abril 2023, foi do 15,3%, a actualización para o ano 2024, é do 4%,  que xuntamente coa reforma da Lei do Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (34% á  baixa), está a supoñer unha menor liquidación en termos de presión fiscal, que conforman rendas dispoñibles para os cidadás. Isto é un feito real, o Concello está na realidade social, por unha banda aumenta as achegas aos colectivos necesitados, aumenta as prestacións no  SAF, en Escolas infantís, que no ano 2024 van a gozar de gratuidade, aumenta os recursos para os servizos sociais,  culturais, deportivos e os educativos, tal e como queda reflectido na comparación entre as políticas de gasto, e por outro,  diminúe a presión fiscal.

Para o goberno, os eixes básicos destes Orzamentos, son:

i) Garantir unha prestación de servizos de calidade aos que teñen dereito os cidadás,
ii) Garantir un sistema de axudas as clases sociais máis necesitadas neste contexto de crise económica e social,
iii) Garantir o financiamento dos compromisos de investimentos en relación cos convenios vixentes con outras administracións.
iv) Dinamizar a economía como motor de xeración de riqueza que mellora a vida dos cidadás.
v) Diminución da presión fiscal para que os cidadás dispoñan de mais recursos para afrontar a situación.

Avaliadas as emendas, faise a seguinte proposta,

PROPOSTA DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO DAS EMENDAS

PRIMEIRO.-  Rexeitar a emenda a totalidade, presentada polo Sra. Concelleira, Dª Marta Fernández-Tapias Núñez, Portavoz do Grupo Municipal Populares de Vigo,  ao non poder ser considerada como un proxecto alternativo de orzamento,  cunha relación de proxectos sen cuantificar, imposible de converter a mesma nun documento interpretable en termos orzamentarios, nin tampoco fai referencia, aos recursos que poderían financiar a incorporación dos devanditos proxectos.

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO )  02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ )  02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

SEGUNDO.- Rexeitar a emenda presentada polo Sr. Concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo, por insuficiencia nos recursos, ao pretender o financiamento de novos empregos coa minoración de aplicacións que non so reducibles por unha contía de 17.859.100 euros.

TERCEIRO.- Ao non alterar cuantitativamente os recursos nin empregos do orzamento informado polo Sr. Interventor Xeral, non require sometelo a novo informe.

CUARTO.- Os antecedentes da proposta, son os reflectidos na proposta asinada o 27 de outubro de 2023, que figura no Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno e sometido á consideración dos Grupos Políticos Municipais para estudo e emendas.

QUINTO- Unha vez votada a proposta sobre as emendas, incorporase o texto da proposta refundido.

Antecedentes
O Proxecto de Orzamentos do ano 2024, comezou o proceso de formación coa elaboración das normas e criterios que se deberían ter en conta para a súa formación. Os marcos orzamentarios remitidos ao MINHAFP para o período 2024-2026, aprobados por Resolución da Alcaldía de 07/03/2023, asinados pola Intervención en data 08/03/2023, enviados ao MINHAFP nº rexistro REGAGE23e00014246973 dos que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria de 29 de marzo de 2023, marcan o contexto xeral no que se teñen que formar os estados orzamentarios para o ano 2024.

O segundo paso que fundamenta a formación do orzamento, é o cumprimento, aprobación e remisión das liñas fundamentais do Orzamento para o ano 2024, que foron aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de 12/09/2023, asinadas e enviadas ao Ministerio de Hacienda e Función Pública o 13/09/2023, nº de Rexistro REGAGE23e00061066993, dás que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 25 de setembro de 2023.

O terceiro paso, é o de Resolución de inicio de formación do Proxecto de Orzamento, asinada pola Alcaldía Presidencia o 27/06/2023.

Directrices de formación do Proxecto Orzamentario, asinadas polo Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda o 03/07/2023.

Polo tanto, o criterio xeral de formación do Proxecto Orzamentario está delimitado polo marco orzamentario e as liñas fundamentais do orzamento, ambos documentos remitidos ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, así como o contido do previsto no artigo 168 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004.

Os criterios que se estableceron nos documentos precitados, foron aplicados ao Proxecto do Orzamento, coas variacións que a teor da normativa vixente en cada momento, fóronse axustando segundo se fai constar no informe económico de gastos e na memoria orzamentaria, basicamente, as diferencias teñen causa en:

a) Convenio co MITMA para a mellora da estrada Avd. De Madrid,

b) a Addenda 2023 con ADIF - XUNTA-CONCELLO, en relación co acceso á estación do AVE e a Intermodal,

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

c) o convenio coa Excma. Deputación de Pontevedra relativo ao Parque Nelson Mandela en Navia, mellora de firmes anualidade 2024 e o investimento Vigo Vertical, Avda. Camelias- Hispanidade- Romil.

Por último, o capítulo 1 do estado de gastos, que reflicte os gastos de persoal, ten unha variación do 3,82% en termos consolidados, sendo a causa, a actualización retributiva prevista no pacto rubricado en acto público na sede da Secretaría de Estado de Función Pública pola ministra de Facenda e Función Pública, o responsable de Área Pública de CCOO e o secretario xeral de UXT-Servizos Públicos, inclúe entre outros o compromiso de revisión salarial das retribucións dos empregados públicos.

Para o ano 2024, a subida será do 2% sobre a base das retribucións xa incrementadas do ano 2023. A esta pode engadirse outro 0,5% adicional no caso de que o IPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período polo acordo asinado.

Ademais, tamén se ten en conta sobre a base de cálculo do ano 2023, a Resolución de 4 de outubro de 2023, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que publícase o Acordo do Consello de Ministros de 3 de outubro de 2023, polo que se aproba o incremento do 0,5 por cento nas retribucións do persoal ao servizo do sector público en aplicación do previsto no artigo 19. Dous.2.a) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

Obxectivos previstos para o ano 2024.

A suspensión das regras fiscais non implica que se abandone o compromiso coa consolidación fiscal, Mantense o compromiso coa estabilidade orzamentaria.

Os obxectivos de déficit, están delimitados nunhas taxas de referencia orientativas establecidas polo Executivo para o período 2021-2023 que debuxan unha marcada tendencia descendente, aínda que, a esta data, non hai marco aprobado para o ano 2024.

O retorno a un contexto de disciplina fiscal tras catro anos de activación dá cláusula de escape, e de cara a orientar os orzamentos para o próximo ano, a AIReF publicou o Informe sobre a Execución Orzamentaria, Débeda Pública e Regra de Gasto, no que recomenda que se eviten incrementos de gastos ou reducións de ingresos de carácter estrutural financiadas con cargo ao incremento de ingresos temporal que se producirá no 2024 e que se teña en conta a aplicación dá regra de gasto no 2024, recomendando un incremento do gasto primario non superior ao 2,6%.

No entanto, aquí hai que estar ao incremento que vai supoñer a Liquidación definitiva pola Participación nos Ingresos do Estado do ano 2022. A recomendación da AIReF, e que este ingreso excepcional, non se aplique ao financiamento de gasto recorrente.
Suspensión das regras fiscais

O 20 de outubro de 2020, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por maioría absoluta o acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 polo que se solicita ao mesmo a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, co fin de aplicar a previsión constitucional que permite nestes casos superar límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública.

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25
Documento asinado

Así, poderá entenderse que a suspensión das tres regras fiscais ten efectividade desde o mesmo día en que se tomou o devandito acordo, o día 20 de outubro de 2020.

Posteriormente, o Pleno do Congreso dos Deputados determinou, o 13 de setembro de 2021, que persistían as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais para o ano 2022.

Finalmente, dita decisión foi ratificada polo Congreso dos Deputados o 22 de setembro de 2022, considerando que en España se manteñen as condicións de excepcionalidade que xustificaban manter suspendidas as regras fiscais en 2023.

Deste xeito, coa apreciación adoptada pola maioría absoluta do Congreso e con efectividade desde o mesmo día en que se tomou o acordo, mantivéronse suspendidos durante o exercicio 2023, os obxectivos de estabilidade e débeda, así como a regra de gasto.

En canto ao ano 2024, as autoridades da UE, están solicitando aos Xefes dos Gobernos, un acordo para a implantación das regras fiscais para o ano 2024. A esta data, non hai acordo ao respecto.

En todo caso, vaise a manter o criterio de aprobar o Orzamento en equilibrio, tanto nos termos do TRLRFL como da Lei Orgánica 2/2012.

En relación coa suspensión dos obxectivo de estabilidade financeira, as EE.LL tiñan que limitar o endebedamento ao 3% do PIB no ano 2020, pecharon ao ano 2022 cun endebedamento do 1,73% do PIB. En particular, o Concello de Vigo non ten endebedamento financeiro, polo que este obxectivo non é avaliable dende o ano 2016.

Proxecto orzamentario que se presenta

O Proxecto de Orzamento que se presenta está a encadrarse no Marco Orzamentario de medio prazo e nas liñas fundamentais remitidas ao Ministerio de Facenda e Función Pública en cumprimento do previsto no artigo 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Coa desagregación que figura na Memoria e no informe económico do estado de gastos e ingresos, as políticas de prestación de servizos básicos, as de promoción social, as de emprego, educativas, culturais e deportivas, tiveron crecementos importantes.

En relación ao estado de ingresos

En relación coa variación pola cesión de Tributos do Estado (IRPF, IVE e II.EE), a esta data non hai comunicación algunha do Ministerio de Hacienda, polo que se fai unha previsión tendo en conta a evolución do PIB prevista para o ano 2024 en relación coas entregas a conta no ano 2023. Non se ten en consideración o Índice de Evolución dos ITE, que daría un resultado de incremento maior.

A cesión por IRPF, IVE e II.EE e FCF, van a actualizarse nun 2% en relación coas entregas a conta do ano 2023.

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

En relación coa Liquidación do ano 2022, hai unha previsión superior aos 3.100 millóns de euros, polo que, faise unha estimación, segundo datos do grupo de expertos da FEMP en relación coa IE e ITE e os ingresos a conta, téndose calculada unha previsión para Vigo de 20,9 millóns.

Así mesmo, faise unha previsión de ingreso pola contía da bonificación do Transporte Urbano que regulamenta o RD-lei 11/2022 e acordos que prorrogan a bonificación até o 31 de decembro do 2024, que o Concello adianta a paga con cargo ao seu orzamento e liquida o Ministerio con posterioridade. A contía reflicte un 50% do ingreso do cuadrimestre do ano 2022 que foi ingresado no primeiro trimestre do ano 2023, que é moi inferior á liquidación do primeiro trimestre do ano 2023.

En canto á Participación nos Tributos da Comunidade Autónoma, mantense a contía do ano anterior coa previsión de liquidación. A achega polo fondo de cooperación local, está a manter a mesma contía dende hai 10 anos.

Contías e porcentaxes, figuran no informe económico de ingresos.

Como recursos non financeiros de capital, están: a) Convenio co MITMA para a mellora da estrada Avd. De Madrid, b) a Addenda 2023 con ADIF-XUNTA-CONCELLO, en relación co acceso á estación do AVE e a Intermodal, e c) o convenio coa Excma. Deputación de Pontevedra relativo ao Parque Nelson Mandela en Navia, mellora de firmes anualidade 2024 e o investimento Vigo Vertical, Avda. Camelias- Hispanidade, Romil.

Achegas non condicionadas da Administración Central e Autonómica

| **Concepto** | | **Admt. CENTRAL** | **XUNTA** |
|---|---|---|---|
| *10000* | *Cesión IRPF* | *8,151,155.66* | |
| *21000* | *Cesión IVE* | *6,255,221.40* | |
| *220* | *Cesión II.EE* | *1,766,565.47* | |
| *42000* | *F.C.Financiamento* | *83,812,243.69* | |
| *42011* | *Liqu. Definitiva 2022* | *20,900,000.00* | |
| *45000* | *F.Coop. Local* | | *6,479,801.46* |
| *Total* | | *120,885,186.22* | *6,479,801.46* |

*Achegas condicionadas que financian gasto corrente.*

| **Concepto ingreso** | **Concepto** | **Xunta** | **Estado** | **Deputación** |
|---|---|---|---|---|
| *45002* | *Lei de Dependencia, Axuda no Fogar* | *7,582,000.00* | | |
| *45003* | *Programa drogodependencia* | *541,039.00* | | |
| *45005* | *Subvención Escolas infantís* | *497,914.00* | | |
| *45061* | *Subvención PXOM* | *205,700.00* | | |
| *46102* | *Programa de firmes* | | | *1,600,000.00* |
| *42090* | *Subvención ao TUC* | | *1,747,600.77* | |
| *42091* | *Bonificación30% TUC* | | *605,300.00* | |
| | | *8,826,653.0* | *2,352,900.* | *1,600,000.0* |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | 0 | 77 | 0 |

*Achegas finalistas que financian o plan de investimentos*

| **Concepto ingreso** | **Concepto** | **Xunta** | **MITMA /ADIF** | **Deputación** |
|---|---|---|---|---|
| *72091* | *Convenio Avd. De Madrid* | | *5,100,000.00* | |
| *72390* | *Addenda 2023* | | *2,601,728.83* | |
| *75000* | *Addenda 2023* | *151,827.23* | | |
| *75060* | *Construcción edificio en Esturáns* | *962,265.42* | | |
| *76126* | *Vigo Vertical Camelias Hispanidade* | | | *1,543,697.48* |
| *76131* | *Parque Mandela en Navia* | | | *940,000.00* |
| *Total* | | *1,114,092.65* | *7,701,728.83* | *2,483,697.48* |

A variación no capítulo 1 do estado de ingresos dos estados consolidados é do 4,67%, asociada ás entregas a conta do IRPF, os impostos: IBI, IBICES, IVTM, IIVTNU e IAE.
As variación que se producen no capítulo 2 polo IVE, II.EE e o ICIO, é do 2,89%, ten causa nunha maior Liquidación do ICIO e na actualización na cesión de impostos do Estado.

O Capítulo III, ten unha variación do 4,6% nos estados consolidados, sendo a base de cálculo a información sobre la Liquidación do ano 2022 e as previsións de liquidación do ano 2023, información que tamén foi remitida ao MINHAFP e que ten a súa xustificación no informe económico de ingresos.

As axudas a Drogodependencia faise a mesma previsión co ingresado no ano 2023.
No capítulo 4 do estado de ingresos, as previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado que figuran no orzamento para o ano 2024, teñen a súa base nas entregas a conta máis unha actualización do 2%, porcentaxe na que vai a crecer a economía no ano 2024, aínda que o incremento virá determinado pola variación nos ITE non cedidos ás CC.AA.

Tamén se reflicte neste capítulo a liquidación positiva do ano 2022, que será ingresado no último trimestre do ano 2024.

A subvención ao transporte público colectivo, reflicte a contía do ano 2023 cunha actualización do 2%.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma faise a previsión de acordo as entregas feitas máis a liquidación. Os ingresos que se van a rexistrar no ano 2024 son por unha contía de 6.479.801,46 euros. Esta contía se ven mantendo todos os anos.

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar, a previsión que se reflicte está relacionada coas horas de prestación concedidas pola Xunta de Galicia, 611.000 horas, cun financiamento autonómico de 12 euros/hora máis as de libre concorrencia. A contía reflectida é por 7.582.000,00 euros.

Neste capítulo tamén se está a reflectir o convenio asinados coa Excma. Deputación de Pontevedra en relación coa mellora de firmes, así como as achegas para empregos finalistas que xa se relacionaron.

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

Na cuantificación das previsións contidas no capítulo 7 do estado de Ingresos, -Subvencións de Capital-, a súa orixe é o cofinanciamento que está asociado ao convenio aprobado coa Excma. Deputación de Pontevedra, o convenio con ADIF-XUNTA-CONCELLO, o convenio co MITMA e o convenio coa Xunta sobre a construción do edificio para alugueiro social, cuxa desagregación por contías e empregos, relacionase no informe económico de gastos e no informe de financiamento afectado, así como na táboa sobre achegas finalistas para o financiamento de empregos de capital.

En canto aos pasivos financeiros, este é o noveno ano que o proxecto de Orzamento que se somete a aprobación, non ten previsto o financiamento con apelación ao mercado de capitais, estando financiado tanto os empregos correntes non financeiros como os de capital non financeiro, con recursos propios e convenios con outras administracións ou axudas de convocatorias públicas doutros axentes públicos.

En relación ao estado de gastos

O Orzamento previsto para o capítulo 1 no orzamento do ano 2024, experimenta unha variación respecto da do ano 2023, cunha variación do 3,82% en termos consolidados, sendo a causa a actualización retributiva prevista no pacto rubricado en acto público na sede da Secretaría de Estado de Función Pública pola ministra de Facenda e Función Pública, o responsable de Área Pública de CCOO e o secretario xeral de UXT-Servizos Públicos, inclúe entre outros o compromiso de revisión salarial das retribucións dos empregados públicos.

Para o ano 2024, a subida será do 2% sobre a base das retribucións xa incrementadas o ano 2023. A esta pode engadirse outro 0,5% adicional no caso de que o IPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período.

Incorpóranse a este capítulo, os acordos adoptados no transcurso do ano 2023, así como os adoptados na Mesa de negociación en relación coa creación de 8 novas prazas.

No capítulo 2, a variación é do 4,42%, está xustificada no informe económico de gastos, as variacións máis importantes son:

Conservación e mantemento rede semafórica: 200.000,00 euros.
Mantemento de viario público: 200.000,00 euros.
Vertido lixo en SOGAMA, por aplicación normativa, Lei 7/2022: 1.000.000,00 euros.
Xestión integral de residuos: 1.370.151 euros.
Mantemento xardinería praza de Vialia, incremento: 149.000,00 euros.
Servizos na caneira municipal: 707.334 euros.
Contrato de Servizo de Axuda no Fogar, para afrontar un número maior de horas: 220.162,00 euros.
Contrato de apertura, vixilancia e mantemento ordinario de colexios: 925.000,00 euros.
Programa educativo aulas internacionais, incremento: 546.600,00 euros.
Programa cultural, incremento: 320.000,00 euros.
Campamentos de verán, incremento: 118.000,00 euros.
Contrato de servizos de piscinas, incremento: 433.000,00 euros.
Apertura e peche de instalacións deportivas, incremento: 192.157,00 euros.
Nadal, incremetno: 525.000,00 euros.
Reparación dependencia: 108.000,00 euros.
Seguros de RC e Patrimonial, incremento: 185.500,00 euros.

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25
Documento asinado

Limpeza instalacións municipais, incremento: 184.000,00 euros.
En resume, o detalle das variacións teñen explicación no informe económico financeiro.

Artellado o expediente que conforma o Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2024, que está integrado polo da propia Entidade, o Organismo Autónomo Administrativo XMU e como anexo os das Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación, MARCO e C. Bureau, visto que o expediente está completo, axustándose a súa formación ao regulamentado nos artigos 165 a 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, comprobado que a súa elaboración axustouse ás directrices dadas, verificado que as dotacións que nel figuran dan cobertura a todos os contratos e prestacións necesarias para o bo funcionamento dos servizos e quedando reflectidos a totalidade dos compromisos, en uso das competencias que me foron delegadas pola Resolución da Alcaldía de 20 e 29 de xuño de 2023, proponse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO ...

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do 20.11.23, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTO PARTICULAR DO BNG: Cun tres votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro e Pérez Igrexas e vinte e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodíguez Calviño, Rodríguez Rodíguez, Silva Rego, e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, rexeitase a emenda.

VOTACIÓN DO FONDO: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodíguez Calviño, Rodríguez Rodíguez, Silva Rego, e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, mais dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2024, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Anexo dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

A clasificación e ordenación dos recursos e empregos e a seguinte:

Clasificación por Áreas de Gastos.
Clasificación por Áreas de Gastos e Capítulos.
Clasificación por programas de gastos .
Clasificación por capítulos de Gastos e Ingresos.
Clasificación económica de ingresos.
Comparativo de gastos e ingresos por capítulos.

Todos os estados orzamentarios están referidos á Entidade e aos estados consolidados.

Achégase a información completa referida igualmente ao Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo co mesmo nivel de detalle que o expresado para o Concello e para os estados consolidados.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS - INGRESOS 2024 E COMPARATIVA CO ANO 2023, ENTIDADE

| *CAPÍTULO* | *Gastos Entidade* | | | *Ingresos Entidade* | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | *Importe 2024* | *Importe 2023* | *Variación %* | *Importe 2024* | *Importe 2023* | *Variación %* |
| *1* | *76,830,624.27* | *74,325,614.94* | *3.37%* | *117,410,785.66* | *112,173,330.00* | *4.67%* |
| *2* | *157,201,477.42* | *150,494,505.42* | *4.55%* | *10,922,786.87* | *10,615,870.00* | *2.89%* |
| *3* | *50,530.00* | *55,530.00* | *-9.00%* | *42,799,307.02* | *40,833,990.47* | *4.81%* |
| *4* | *39,058,535.66* | *34,498,118.09* | *12.77%* | *123,856,742.57* | *104,360,232.81* | *18.68%* |
| *5* | *600,000.00* | *600,000.00* | *0.00%* | *5,404,000.00* | *2,935,252.62* | *84.11%* |
| *Operc. Corr.N.F* | *273,741,167.35* | *259,973,768.45* | *5.30%* | *300,393,622.12* | *270,918,675.90* | *10.88%* |
| *6* | *36,049,858.26* | *27,860,839.12* | *29.39%* | *.00* | *.00* | *0.00%* |
| *7* | *939,850.05* | *669,444.00* | *40.39%* | *10,337,253.54* | *17,585,375.67* | *-41.22%* |
| *Operac. Cap.N.F* | *36,989,708.31* | *28,530,283.12* | *29.65%* | *10,337,253.54* | *17,585,375.67* | *-40.08%* |
| *8* | *500,000.00* | *500,000.00* | *0.00%* | *500,000.00* | *500,000.00* | *0.00%* |
| *9* | *.00* | | *0.00%* | *.00* | | *0.00%* |
| *Total* | *311,230,875.66* | *289,004,051.57* | *7.69%* | *311,230,875.66* | *289,004,051.57* | *7.69%* |

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA GASTOS-INGRESOS, ESTADOS CONSOLIDADOS, COMPARATIVO 2023-2024

| | *Gastos dos estados consolidados* | *Ingresos dos estados consolidados* |
|---|---|---|

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

| CAPÍTULO | Importe 2024 | Importe 2023 | Variación % | Importe 2024 | Importe 2023 | Variación % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 83,251,407.76 | 80,189,866.30 | 3.82% | 117,410,785.66 | 112,173,330.00 | 5.00% |
| 2 | 158,891,437.55 | 152,297,539.91 | 4.42% | 10,922,786.87 | 10,615,870.00 | 3.00% |
| 3 | 50,530.00 | 55,530.00 | -9.00% | 44,464,687.87 | 42,499,371.32 | 5.00% |
| 4 | 33,053,672.66 | 28,668,153.09 | 14.74% | 124,062,442.57 | 105,002,172.81 | 18.00% |
| 5 | 600,000.00 | 600,000.00 | 0.00% | 5,809,000.00 | 2,936,252.62 | 98.00% |
| Operac. Corr.N.F | 275,847,047.97 | 261,811,089.30 | 5.36% | 302,669,702.97 | 273,226,996.75 | 10.78% |
| 6 | 37,429,215.13 | 28,977,301.70 | 29.17% | .00 | .00 | 0.00% |
| 7 | 2,828,046.62 | 739,444.00 | 282.46% | 11,299,518.96 | 18,300,838.25 | -0.38% |
| Operaci Cap. N.F | 40,257,261.75 | 29,716,745.70 | 35.47% | 11,299,518.96 | 18,300,838.25 | -38.26% |
| 8 | 532,000.00 | 532,000.00 | 0.00% | 2,667,087.79 | 532,000.00 | 401.30% |
| 9 | .00 | | 0.00% | .00 | .00 | 0.00% |
| Total | 316,636,309.72 | 292,059,835.00 | 8.41% | 316,636,309.72 | 292,059,835.00 | 8.41% |

## CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2023-2024, RESUME POR ÁREAS DE GASTO

| Área | Descrición | Entidade | | % var. | Consolidado | | % var. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2024 | 2023 | | 2024 | 2023 | |
| 0 | Débeda Pública | .00 | 5,000.00 | 0.00% | .00 | 5,000.00 | -100.00% |
| 1 | Servizos Públicos básicos | 159,052,481.38 | 151,987,373.86 | 4.65% | 164,457,915.44 | 155,043,157.29 | 6.07% |
| 2 | Actuación de protección e promoción social | 29,692,222.21 | 28,891,977.37 | 2.77% | 29,692,222.21 | 28,891,977.37 | 2.77% |
| 3 | Produción B. públicos carácter preferente | 55,749,069.20 | 49,589,568.42 | 12.42% | 55,749,069.20 | 49,589,568.42 | 12.42% |
| 4 | Actuacións de carácter económico | 24,669,082.76 | 19,142,636.80 | 28.87% | 24,669,082.76 | 19,142,636.80 | 28.87% |
| 9 | Actuacións de carácter Xeral | 42,068,020.11 | 39,387,495.12 | 6.81% | 42,068,020.11 | 39,387,495.12 | 6.81% |
| Total | | 311,230,875.66 | 289,004,051.57 | 7.69% | 316,636,309.72 | 292,059,835.00 | 8.41% |

## RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2023- 2024

| CAPÍTULO | Estado de Gastos | | | Estado de Ingresos | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2024 | Importe 2023 | Variación % | Importe 2024 | Importe 2023 | Variación % |
| 1 | 6,420,783.49 | 5,864,251.36 | 9.49% | | | |
| 2 | 1,689,960.13 | 1,803,034.49 | -6.27% | | | |
| 3 | | | | 1,665,380.85 | 1,665,380.85 | 0.00% |
| 4 | .00 | .00 | 0.00% | 6,210,563.00 | 6,471,905.00 | -4.04% |
| 5 | | | | 405,000.00 | 1,000.00 | 40400.00% |
| **Op. Corr. NF** | **8,110,743.62** | **7,667,285.85** | **5.78%** | **8,280,943.85** | **8,138,285.85** | **1.75%** |
| 6 | 1,379,356.87 | 1,116,462.58 | 23.55% | .00 | .00 | 0.00% |
| 7 | 1,888,196.57 | 70,000.00 | 2597.42% | 962,265.42 | 715,462.58 | 34.50% |
| Op. Cap. NF | 3,267,553.44 | 1,186,462.58 | 175.40% | 962,265.42 | 715,462.58 | 34.50% |
| **T. Op. N.F** | **11,378,297.06** | **8,853,748.43** | **28.51%** | **9,243,209.27** | **8,853,748.43** | **4.39%** |
| 8 | 32,000.00 | 32,000.00 | 0.00% | 2,167,087.79 | 32,000.00 | 6672.15% |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

| Total | 11,410,297.06 | 8,885,748.43 | 28.41% | 11,410,297.06 | 8,885,748.43 | 28.41% |
|---|---|---|---|---|---|---|

FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)

| CONCEPTOS | Empregos | | | Recursos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2024 | Importe 2023 | Variación | | Importe 2024 | Importe 2023 | Variación |
| G. Persoal | 344,692.00 | 336,922.00 | 2.30% | Ingresos actividade | 5,000.00 | 4,000.00 | |
| Cons. eléctrico | 180,000.00 | 232,322.00 | -22.41% | Subv. doazóns | 875,000.00 | 1,095,000.00 | -20.09% |
| Exposicións | 40,242.00 | 172,763.00 | -76.72% | Achegas usuarios | 12,000.00 | 10,500.00 | 14.29% |
| Compra de obra | | .00 | 100.00% | Cursos | 25,000.00 | 20,000.00 | 25.00% |
| Outros g. Activ. | 356,816.00 | 380,904.00 | -6.33% | Patrocinio La Caixa | 20,000.00 | 10,000.00 | 100.00% |
| G.Financeiros | 1,250.00 | 1,250.00 | 0.00% | Alugueiros | 20,000.00 | 19,700.00 | 1.15% |
| Amortiza. Inmv. | 34,000.00 | 35,039.00 | -2.85% | | | | |
| Total | 957,000.00 | 1,159,200.00 | -17.44% | | 957,000.00 | 1,159,200.00 | -17.44% |

*CONVENTION BUREAU (CB)*

| CONCEPTOS | Empregos | | | Recursos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2024 | Importe 2023 | Variación | | Importe 2024 | Importe 2023 | Variación |
| G. Persoal | 195,653.65 | 189,955.00 | 3.00% | | | | |
| Cons. e gast. xestión | 25,611.35 | 31,310.00 | -18.20% | Subv. doazóns | 212,000.00 | 212,000.00 | 0.00% |
| Publ.mat. Promoc. | 6,000.00 | 6,000.00 | 0.00% | Achegas socios | 40,250.00 | 40,250.00 | 0.00% |
| Acc. promoción | 269,470.00 | 269,470.00 | 0.00% | Out. ingresos | 250,000.00 | 250,000.00 | 0.00% |
| P. outros entes | 5,515.00 | 5,515.00 | 0.00% | | | | |
| Operac. N.F | 502,250.00 | 502,250.00 | 0.00% | 0 | 502,250.00 | 502,250.00 | 0.00% |

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2024-2027, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SEXTO.- Corrixir o erro material na aplicación orzamentaria 2310.6320010, definida como DUSI, OT9, reestruturación AT. SOCIAL, cunha contía de 240.000 euros, pola definición de INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN C.S.SOCIAIS, aplicación 2310.6320001 pola mesma contía.

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25
Documento asinado

Corrixir o erro material na definición da aplicación 4320.2279908 CONVENIO UVIGO PROPOSTA DE FESTAS DE INTERÉS TURÍSTICO POR, CONVENIO UVIGO CANDIDATURA A GEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO.

SÉTIMO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

OITAVO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2024, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas que lle son de aplicación, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

O Pleno da Corporación pronunciarase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, sobre proposta da Concellería Delegada da Área de Orzamentos e Facenda."

**3.(204) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 103-2023. EXPTE 85/142 (EXPTE 4133-1101). APROBADA.**

ANTECEDENTES.- Con data 16 de novembro de 2023, a Dirección Superior Contable e Orzamentación, co conforme do concelleiro de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

"PROPOSTA: Crédito Extraordinario, analizada a emenda presentada
Asunto: Modificación de crédito financiada co recurso financeiro RLTGX/2022
Orixe do Remanente líquido de Tesourería: Liquidación do Orzamento do ano 2022
Orzamento de aplicación: Ano 2023
Modificación orzamentaria, nº: 103/2023
Expediente que fundamenta a modificación, nº: 85/142 Programa que xestiona os Empregos: Comercio Modificación de crédito: Modalidade: Crédito Extraordinario. Importe: 330.042,83 euros.
Órgano competente: Pleno da Corporación, previo acordo Xunta Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.
Antecedentes

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25
Documento asinado

Resolución da Alcaldía de incoación do expediente coa memoria incluída. Xustificación da modificación, polos servizos técnicos de Comercio.
Sentenza nº113/2023 do TSJG polas obras do Mercado do Progreso.

Xustificación

Sentenza do TSJG, nº 113/2023 polas obras do Mercado do Progreso, que desestima o recurso de apelación interposto pola representación procesal do Concello de Vigo, contra a Sentenza de data 26/10/2022 ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 de Vigo, -que estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo promovido pola representación procesal dá Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo contra a Resolución de 16/09/2021 ditada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, anula e condena ao Ente Local a aboar á Asociación a cantidade de 330.042,83 euros, cuxo contido mantense.

Xustificación da insuficiencia de recursos para atender o emprego que se pretende.
A finalidade do crédito extraordinario é a de facer fronte aos gastos na reforma do Mercado do Progreso que sufragou a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, que ante a desestimación das súas reclamacións, presentou recurso contencioso administrativo que remata coa sentenza do TSJG, nº 113/2023, declarando a obriga da demandada (Concello de Vigo) de abonar á actora a suma de 330.042,83 euros como resarcimento de enriquecemento inxusto

Queda xustificada a inexistencia de crédito na bolsa de vinculación xurídica 4312.63
Queda xustificado o carácter concreto e específico do gasto.

En canto á inaprazabilidade do gasto, esta ven determinada pola execución da sentenza, por ter transcorrido máis de 3 meses dende a súa notificación que regula o artigo 106 da Lei 29/1988, de13 de xuño, Reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa e artigo 173 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Estamos pois nunha necesidade non aprazable ao ano 2024, sendo o obxectivo o seu pagamento no ano 2023.

Na memoria que xustifica a Resolución de inicio do expediente, abúndase na xustificación da tramitación do expediente.

Queda pois, legal e tecnicamente xustificada a tramitación deste expediente, tanto no apartado técnico en canto a inaprazabilidade das necesidades, como no ámbito legal, axustando o procedemento aos requirimentos contidos no artigo 177 do TRLRFL.

Normativa de aplicación
Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25
Documento asinado

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea ( SEC 2010).

Regulamento (CE) n° 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Resolucións do Sr. Alcalde Presidente de 18 e 26 de xuño de 2019 e texto consolidado do 20/09/2020 sobre delegación de competencias.

Bases de Execución do Orzamento.

Acordos adoptados sobre a suspensión dos obxectivos das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebedamento para o período 2020-2023 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería de forma non finalista.

En todo caso, as EE.LL, deben ter como obxectivo, liquidar os Orzamentos do ano 2023 nunha senda de equilibrio, aínda que, este non é vinculante, sendo este un obxectivo de referencia.

Estado do Remanente Líquido de Tesoureira da Liquidación do ano 2022.

| Remanente Líquido de Tesourería da liquidación 2022 | Utilizado | Dispoñible |
|---|---|---|
| Inicial (A) | | 148.178.900,48 |
| Modificación incorporación de remanentes, expediente 245/143 | 90.292.128,35 | |
| Modificación de crédito, Suplemento Festas, expediente 9705/335 | 1.840.000,00 | |
| Modificación de crédito, Suplemento de Crédito, expediente 1761/441 | 2.025.141,57 | |
| Modificación créditos, C. Extraordinario, Educación, expediente 82/142 | 5.842.500,00 | |
| Modificación créditos, C. Extraordinario, Mercados, expediente 85/142 | 330.042,83 | |
| Total remanente utilizado (B) | 100.329.812,75 | |
| Remanente dispoñible (A-B) | | 47.849.087,73 |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25
Documento asinado

Expediente que se tramita

En execución da Resolución do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente 85/142 de modificación orzamentaria nº (103/2023), que está conformado da seguinte documentación:

Informe xustificativo do Servizo de Comercio-Mercados dánecesidade técnica e económica de dotar de financiamento unha aplicación orzamentaria por unha contía de 330.042,83 euros para afrontar a sentenza do TSJG, nº 113/2023 polas obras do Mercado do Progreso, declarando a obriga do Concello de Vigo de abonar á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso a contía de 330.042,83 euros, tendo dispoñibilidade de recursos financeiros para afrontar o emprego no recurso financeiro que conforma o RLTGG da Liquidación do ano 2022.

Resolución de data 02/11/2023 do Sr. Sr. Concelleiro Delegado das Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas especiais de inicio do expediente.

A utilización deste recurso non é contraria ao cumprimento dos obxectivos que conforman as regras fiscais, estando suspendidas no marco temporal 2020-2023, o resultado da Liquidación do Orzamento do ano 2023, non requirirá, calquera que sexa a contía do superávit/déficit e da evoluciónd o gasto non financeiro, a tramitación e aprobación dun Plan Económico Financeiro. Non obstante, é un obxectivo manterse dentro das taxas de referencia aprobadas polo Goberno da Nación, no que se fixa para as Entidades Locais un obxectivo de equilibrio, que non é vinculante.

Faise constar, que en relación co endebedamento e sostibilidade financeira, a esta data, non está previsto ao peche do ano 2023 a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.

Órgano competente

O artigo 177 do TRLRFL, regula o réxime dos Créditos extraordinarios e Suplementos de crédito. O expediente, que terá que ser previamente informado pola Intervención, se someterá á aprobación do Pleno da Corporación, con suxeición as mesmos trámites e requisitos co previsto para os orzamentos. Serán asi mesmo de aplicación, as normas sobre información, reclamación e publicidade prevista para os orzamentos contidas no artigo 169 do mesmo texto legal.
Emenda presentada
EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
En data 16/11/2023, o Sr. Concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo, presenta emenda (parcial) ao expediente 85/142 co número de rexistro da Secretaría do Pleno 4353/1101.
O informe que se achega ao expediente sobre a avaliación da emenda, pon de manifesto que:
m A emenda non da cumprimento ás limitacións reflectidas no artigo 83.2 do Regulamento Orgánico do Pleno, ademais dos empregos previstos no expediente 85/142 por unha contía de 330.042,83 euros, aumenta os empregos en outros 500.000 euros, é dicir, a modificación de crédito que se propón, adiciona á proposta

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25
Documento asinado

aprobada pola Xunta de Goberno Local esa contía, resultando unha contía de 830.042,83 euros.

n O ROP, no seu artigo 83, aparato 2, establece que “As emendas de creación ou de incremento dos estados de gastos admitiranse a trámite se propoñen unha baixa por igual contía. As emendas de supresión ou minoración ós estados de gastos admitiranse se propoñen un incremento por igual contía.

o

Neste caso, proponse un incremento de empregos de 500.000 euros, sen propor a baixa en outras aplicacións, polo que resultaría un incumprimento do citado precepto.

p En canto ao requisito básico que ten que cumprir a tramitación dun crédito extraordinario,- Limitacións previstas no artigo 177 do TRLRFL e artigo 35 do RD 500/1990, polo que non se está dando cumprimento a este requisito legal, non se trata dun gasto que non poida demorarse ao exercicio seguinte, ademais, non tería execución posible dentro do ano 2023.

O artigo 35 del Real Decreto 500/1990, limita este tipo de modificacións orzamentarias (Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito) á realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte para o que non existe crédito, ou este resulta insuficiente. Non hai xustificación para a dotación deste crédito extraordinario.

En consecuencia, polos motivos reflectidos, proponse o rexeitamento da emenda presentada.

A vista da documentación relacionada e do informe de avaliación das emendas, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, formúlase proposta ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa, para adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE REXEITAMENTO DA EMENDA

PRIMEIRO.- .- A vista da proposta contida no informe técnico, rexeitar a emenda presentada polo Sr. Concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 4353/1101, polos seguintes motivos:

- Non da cumprimento ás limitacións reflectidas no artigo 83.2 do Regulamento Orgánico do Pleno.
- Non da cumprimento ao requisito básico que ten que cumprir a tramitación dun crédito extraordinario, limitacións previstas no artigo 177 do TRLRFL e 35 do RD 500/1990, que ten que ser un gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte para o que non existe crédito, ou este resulta insuficiente. Non hai xustificación para a dotación deste crédito extraordinario nin a fundamentación da súa indemorabilidade .

SEGUNDO.- Manter a proposta formulada ao Pleno da Corporación, asinada polo Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda o día 06/11/2023 que se engade, non habendo alteración algunha en relación coa aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 10 de novembro de 2023.

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

TERCEIRO.- Ao non alterar os recursos nin empregos do expediente informado polo Sr. Interventor Xeral o 09/11/2023, non require sometelo a novo informe, sendo o único requisito, o ditame da Comisión Informativa.

CUARTO.- Unha vez votada o rexeitamento das emendas, sométese ao Pleno da Corporación, co ditame da Comisión Informativa a seguinte proposta”...

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do 20.11.23, rexeita a emenda do BNG e ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTO PARTICULAR DO BNG: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro e Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodíguez Calviño, Rodríguez Rodíguez, Silva Rego, e a Presidencia, rexeitase a emenda.

VOTACIÓN DO FONDO: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodíguez Calviño, Rodríguez Rodíguez, Silva Rego e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 103/2023, Crédito Extraordinario, correspondente ao expediente 85/142, para facer fronte a sentenza nº 113/2023 do TSJ, polas obras do Mercado do Progreso, declarando a obriga do Concello de Vigo de abonar á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso a contía de 330.042,83 euros, para o que non existe crédito no orzamento do ano 2023, que resultan empregos inaprazables, quedando xustificada na memoria tanto a inaprazabilidade dos empregos como a falta de dotación orzamentaria para esta finalidade.

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2022, que segundo o previsto no artigo 104 do Real Decreto 500/1990, constitúe un recurso financeiro para o financiamento de modificacións de crédito. A cuantificación deste recurso figura no expediente e na proposta, que resulta un recurso financeiro adecuado para dar cobertura á modificación orzamentaria nº 103/2023.

| Aplicación | Proxecto | Mercados | C.inicial | I.Remanentes | C.Extraordinario | Total ano | Concepto | Importe |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | |
| 4312.6320001 | 10421001 | Sentenza n.º 262/2022 | ,00 | ,00 | 330.042,83 | 330.042,83 | 87000 | 330.042,83 |

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOPP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación dos créditos relacionados no expediente 85/142.

QUINTO.- Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local o expediente, o Servizo xestor poderá iniciar a tramitación do expediente administrativo de aplicación dos recursos.”

**ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL**

```
Asunto     : Pleno extraordinario 23 de novembro
Lexislatura: Mandato 2023-2027
Órgano     : Pleno
Data Inicio: Xoves, 23 de Novembro de 2023 09:07:41
Data Fin   : Xoves, 23 de Novembro de 2023 10:27:24
```

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25
Documento asinado

Duración : 01:19:43

- HTML
---------------------------------------------------------------------------
https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3392

- Media (MASTER)
-----------------------------------------------------------------

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 1.0 GiB
Url -
https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/OBmDEuo1LNhcORFKDv6w6n16VfvNi6vlBLVKYwb0mgOvPWO7.wmv
SHA512 - c2e18d366b1f631aac663f17f84dd112b92fd48deb723efc6d52f5936619b46af22fef80ef0b36e1383c936bc316192c2f88e900965b5b9d6a0c81f7231b290c

- Media (PROXYS)
-----------------------------------------------------------------

[1] Video H264, 480p, Stereo, 500 MiB
Url -
https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/HmcEvFz9O5Exi3GivqD5WPWdPrV74CZtu6Db99MZtOpMl1gw.mp4
SHA512 - fb7b0115122a9ba3108e3218bdd10beeaa556e673caff0edfc6a9d07dd82c4a7feed64d431c3c1015dc126dc21e999c2abccfca8349545208095914d8229a60b

- Minutaxe
-----------------------------------------------------------------------

00:00:01 - Asistentes : Lago Barreiro, M.ª del Carmen; Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Asiento 4; Asiento 5; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Losada Alvarez, Abel Fermín; Fernández Pérez, Jose Manuel; Fernandez-Tapias Nuñez, Marta; Garrido Valenzuela, Irene; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Martín Peña, José Miguel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier;
00:00:31 - Caballero Álvarez, Abel

00:00:58 : 1. Desestimación de suxestión en período de exposición pública e aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, alcantarillado, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais Expte. 3052/500 ( Expte 4044/1101).
00:01:31 - Aneiros Pereira, Jaime
00:05:11 - Caballero Álvarez, Abel
00:05:19 - Pérez Iglesias, Xabier
00:10:37 - Caballero Álvarez, Abel
00:10:44 - Martín Peña, José Miguel
00:11:57 - Caballero Álvarez, Abel
00:12:10 - Aneiros Pereira, Jaime
00:15:08 - Caballero Álvarez, Abel
00:15:19 - Votación [9:23:01]

00:15:45 : 2. Resolución de emendas e aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2024. Expte 80/142 (Expte

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado

```
                4127-1101).
00:16:16   - Aneiros Pereira, Jaime
00:17:06   - Caballero Álvarez, Abel
00:17:28   - Aneiros Pereira, Jaime
00:27:21   - Caballero Álvarez, Abel
00:28:34   - Pérez Iglesias, Xabier
00:38:51   - Caballero Álvarez, Abel
00:38:57   - Martín Peña, José Miguel
00:49:11   - Caballero Álvarez, Abel
00:49:27   - López Font, Carlos
00:59:20   - Caballero Álvarez, Abel
00:59:39   - Aneiros Pereira, Jaime
01:04:41   - Voto particular Grupo municipal do BNG
01:05:16   - Votación do dictamen

01:06:01   : 3. Aprobación inicial da modificación orzamentaria núm. 103-2023.
             Expte 85/142 (Expte 4133-1101).
01:06:38   - Aneiros Pereira, Jaime
01:09:03   - Caballero Álvarez, Abel
01:09:12   - Pérez Iglesias, Xabier
01:13:32   - Caballero Álvarez, Abel
01:13:40   - Sanchez Mendez, Luisa María
01:15:30   - Caballero Álvarez, Abel
01:15:38   - Aneiros Pereira, Jaime
01:18:30   - Caballero Álvarez, Abel
01:18:40   - Voto particular Grupo municipal do BNG
01:19:02   - Votación do dictamen
01:19:43   : [FIN]
```

**-- o --**

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás dez horas e vinte e sete minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 20/2023, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2023.
am.

| A PRESIDENCIA | A SECRETARIA XERAL ACCTAL. DO PLENO |
|---|---|
| Abel Caballero Álvarez | Elena Ares Salgado |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 02/01/2024 11:34:57 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 02/01/2024 12:51:25

Documento asinado